

**O MARISQUEO A PÉ:
UN TRABAJO DE MULLERES**



O MARISQUEO A PÉ DESDE A PROTOHISTORIA: UN TRABALLO DE MULLERES

No que segue, faise un achegamento a unha historia na que non se pode dar co recoñecemento do traballo das mulleres no marisqueo a pé ata finais do século XX. Aínda que a costa galega é ampla no número de quilómetros que a compoñen, o coñecemento do aproveitamento mariño nas épocas antigas, é escaso, so a partir de 1970 se comeza a investigar cunha certa sistemática. Así, pois, á invisibilidade deste traballo véñse sumar o feito de que é realizado maioritariamente por mulleres.

É un traballo duro, as condicións de traballo adversas (humidade, vento, temperaturas extremas e radiación solar), os riscos de caídas, golpes e cortes, sumado a adopción de posturas forzadas, aplicación de forzas e ciclos de traballo repetitivos provocan a cotío accidentes e doenzas relacionadas coa actividade profesional.

O PALEOLÍTICO

Ao longo das nosas costas se observan restos de antigos niveis mariños, a súa presenza fálanos de oscilacións importantes ao longo do Cuaternario e do Holoceno.

Rey Salgado (1993) afirma que nas Rías Baixas o nivel del mar podería ter

subido uns 70 metros nos últimos 18.000 anos, acadando unha altura similar ao presente ao redor do 2000 a. C.

As máis antigas industrias localizadas ata o de agora corresponden a bifaces talladas sobre cantos rodados de cuarcita de orixe mariña (no sueste da provincia de Pontevedra, entre outras) e avalan a posibilidade da chegada de seres humanos ao territorio de Galicia no Paleolítico Inferior e ao aproveitamento polos mesmos dos recursos mariños (Vázquez Varela, 1996).

O MESOLÍTICO

Aparecen cantos tallados no sueste da provincia de Pontevedra dentro de concheiros (co nome de concheiros designanse as acumulacións de conchas en zonas concretas dos xacementos arqueolóxicos), dando pé a hipótese do marisqueo de especies de rocha predominantes no litoral.

A CULTURA CASTREXA

A documentación que aparece é significativa (Vázquez Varela et al, 1993; Vázquez Varela e Rodríguez López, 1998). O elevado número de castros (Ons e Cies, por exemplo) e a presenza de restos mariños a unha distancia de 5 quilómetros da costa, indican a importancia do mar para estas comunidades. Nos concheiros da época aparecen moluscos bivalvos, gasterópodos, peixes,

placas de ourizos e partes de crustáceos
uñas de percebes e pinzas de centolas.

Os xacementos implican unha continuidade do aproveitamento do mar desde o século 3 a. C. ata os nosos días, consistente na explotación dos recursos marisqueiros capturables na zona intermareal e a pesca con artes sinxelas con destino ao consumo local.

O MUNDO GALAICO-ROMANO

Existen xacementos costeiros: Castros galaico-romanos, vilas, pequenos poboados (Sanxenxo, Pontevedra), Núcleos urbanos reducidos, factorías salgadeiras (Fernández Ochoa e Martínez Maganto, 1894; Vázquez Varela et al, 1993). Partindo dos estudos realizados nestes xacementos pódese dicir que as características da explotación do mar na Galicia romana posuían os seguintes trazos característicos, que teñen chegados ata os nosos días:

- Emprego de artes de fondo para pescar. Posiblemente de arrastre e de cerco.
- Incremento do número de especies capturadas, tanto intermareais como de fondo.
- Desenvolvementos de industria de transformación de produtos mariños como as salgaduras, con repercusións na pesca, a produción de sal e o desenvolvemento comercial.

- Posta en marcha de redes de comercialización complexas de produtos mariños para o consumo en salgaduras e en fresco.
- Aparicións de poboacións cuxa economía dependía do mar, basicamente da pesca e o marisqueo. Neste grupo podería incluírse o primeiro núcleo urbano de Pontevedra.

AS MARISCADORAS A PÉ: UN COLECTIVO DE MULLERES

O marisqueo foi unha actividade para o autoabastecemento propia da poboación que non contaba con outros medios de subsistencia. Consiste na extracción dos moluscos que a natureza proporciona. Hai dous tipos: o marisqueo á boia, que se realiza desde pequenas embarcacións e o marisqueo a pé, para o que non se precisa de máis que as mans. O primeiro tipo, o marisqueo á boia, é propio dos homes, mentres o segundo, realízano as mulleres.

É importante entender o cambio descrito anteriormente, e para iso temos que describir a situación do marisqueo algúns anos atrás. O marisqueo en Galicia era un complemento salarial das familias con menos ingresos.

Sen embargo, a pervivencia destes oficios tradicionais non pode ocultar o feito de que tras esa imaxe “amable” tamén se agocha unha historia de marxi-

nación e subordinación feminina contra a que as mariscadoras tiveron que loitar, dentro do sector pesqueiro, onde o marisqueo sempre se considerou o “parente pobre” da pesca.



Marugán (2012) exprésao así:

Deste xeito, nos anos 50, ás mariscadoras habituais, herdeiras do oficio que aprenderon das súas antecesoras, sumouse un volume importante de poboación local non profesional. Nacía así un dos problemas endémicos do marisqueo: o furtivismo.

Habería que recordar que “o furtivismo foi un fenómeno provocado polas presións dunha clase social que se apoiou nunha lexislación adecuada e en instrumentos institucionais ao seu servizo” (GONZÁLEZ, 1990, p. 418). A industria conserveira foi a orixe da revalorización do marisco e do furtivismo, deixando paso, nos anos sesenta, a unha segunda revalorización orixinada pola demanda de marisco para consumo fresco que se impuxo coa norma de consumo de masas e a entrada do turismo en España. De ser un produto de pobres, o consumo de marisco converteuse nun elemento de prestixio e de ostentación social propio da nova xente rica. Este novo proceso revaloriza-

dor do produto conlevou o conseguinte perigo de sobreexplotación das praias.

As vendas do marisqueo en Galicia, en términos económicos, aumentou no ano 2015 un 14% e superaron os 66,5 millóns de euros con 7.500 toneladas vendidas en lonxa. Son datos que se extraen do informe sobre resultados da campaña do marisqueo en Galicia no 2015, presentado no Consello da Xunta.

No devandito informe, e así o destaca a Xunta de Galicia, realízase unha comparativa dos datos do último ano con respecto ao volume medio de vendas no período 2010-2015, rexistrándose incrementos tanto na cantidade vendida en lonxa, nun 4%, como en facturación, nun 5,5%.

Máis concretamente, por poñer un exemplo, no caso do marisqueo a pé, o informe reflicte que en 2015 a facturación foi de máis de 25 millóns de euros, un 14% máis que o ano anterior, e a cantidade vendida de máis de 2.600 toneladas, un 15% máis que en 2014. Nesta modalidade, as vendas concéntranse nas especies de ameixa fina, ameixa xaponesa e berberecho; tres especies que supoñen o 91% da cantidade vendida e o 88% da facturación.

O marisqueo, e máis en concreto o marisqueo a pé, constitúe un subsector do sector pesqueiro galego que emprega na actualidade a 7652 persoas, das que o 77,9 % é de mulleres.

Táboa 3.1. Permisos de marisqueo a pé por sexo e idade en Galicia

	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Total			
2015	3.826	846	2.980
Ata 30 anos			
2015	194	110	84
De 31 a 40 anos			
2015	623	271	352
De 41 a 50 anos			
2015	1.125	284	841
De 51 a 60 anos			
2015	1.366	156	1.210
Máis de 60 anos			
2015	518	25	493
TOTAL	7652	1692	5960

FONTE: Consellería do Medio Rural e do Mar. Con data 12/03/2014 modificáronse os datos do ano 2013 tras detectarse un erro. (09-02-2016)

**Permisos de marisqueo a pé por sexo e idade [Filtros: Espazo=Galicia ;]
[Unidades: Número]**




Gráfico 1. Permisos marisqueo a pé por sexo e idade

O marisco galego durante os últimos 25 anos experimentou un crecemento importante da demanda; antes os moluscos adquiríanos as empresas conserveiras, que eran quen fixaban os prezos, pero na actualidade tamén se demanda en fresco, o que supón a modificación nos prezos, a época de demanda..et, o que implica unha transformación dos mercados (García Negro, 1997).

Estes cambios veñen afectando ao colectivo de persoas que vivía na ribeira, aproveitando os seus recursos, implicaron unha modificación da súa organización da produción a través da busca de profesionalización por parte das Asociacións de mariscadoras para chegar a acadar un nivel de ingresos digno.

O proceso de profesionalización que experimentou o marisqueo a pé en Galicia dase esencialmente entre 1995 e 2002, fixándose o inicio no *I Encontro de Mulleres Mariscadoras* xa que foi en Vilagarcía de Arousa, coa reunión de 100 mulleres de distintos portos e 32 confrarías de toda Galicia, onde as mariscadoras empezan a rachar coa súa atomización e a crear espazos de intercambio necesarios para lograr a vertebración do colectivo. Unha vertebración que chega ao seu momento cume coa creación, en novembro do 2002, da Asociación de Profesionais do Marisqueo a pé de Galicia (AREAL). Coa aprobación dos Estatutos de AREAL e a constitución da súa Xunta Directiva péchase

unha etapa convulsa no marisqueo galego.



Marugán (2004) afirma que ao longo deses 7 anos tivo lugar unha serie de acontecementos importantes que explican o proceso exitoso desta profesionalización; por un lado houbo que buscar na socioloxía ferramentas teóricas que permitiran ordenar e interpretar o proceso. Tampouco é casual que entre 1996 e 1997 se impartiran un total de 124 cursos de formación aos que asistiron un total de 1747 mariscadoras. Estes cursos eran prácticos e participativos, nos que se ensinaban aspectos de produción, cultivo, comercialización e, sobre todo, organización.

Ao apoio teórico da socioloxía do cambio sumouse a perspectiva de xénero. Utilizouse a perspectiva de xénero como marco interpretativo ao entender que esta era a máis pertinente, xa que, segundo os datos da afiliación ao Réxime Especial do Mar do Instituto social da Marina, en 2003 o 88,6% das persoas mariscadoras a pé era de mulleres. A mirada feminista permitiría entender me-

llor determinadas dinámicas propias do marisqueo. A utilización da perspectiva de xénero nunha indagación sociolóxica sobre o marisqueo a pé é novidosa sempre que, malia as cifras de mulleres mariscadoras que fan do marisqueo unha profesión claramente feminina, as poucas e benéficas achegas realizadas sobre este subsector (Pardellas de Blas; 1978, 1989 1992, González Vidal; 1980, 1989; Palacios Esteban; 1989, Lojo Neto, Pozas e Bóveda, 1989 e Sequeiros; 1995) non utilizaron esta perspectiva. Estes traballos teñen un valor indubidable e salientan que esta é unha actividade propiamente feminina, chegando a expresar a disxuntiva de se o marisqueo a pé é marxinal porque está feminizado ou está feminizado porque é marxinal.

Ademais, o acontecido de 1995 a 2002 no marisqueo a pé, pode lerse segundo Marugán (2004) non como:

“...unha evolución lóxica, direccional e sen conflitos, senón que os cambios que se deron neste subsector foron froito dun proceso dialéctico, non exento de conflitos no que aínda que obviamente as diferentes confrarías tiveron dinámicas propias dependendo de determinados factores, atopáanse fitos importantes que permiten describir unha traxectoria común.

As transformacións preséntanse nun entramado dialéctico no que se poden diferenciar tres etapas fundamentais:

- Unha situación de partida previa a 1995 na cal, aínda que se van aprobando unha serie de plans, ordenes e reais decretos, o máis destacado é a marxinalización do subsector do marisqueo e o desprestixio laboral e profesional das mariscadoras.

- A xestación do cambio a partir da organización do I Encontro de Mulleres polo Servizo de Extensión Pesqueira da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

- A fase de consolidación dos cambios, na que por iniciativa da Xunta o colectivo respondeu co seu propio proxecto. En cada confraría as mariscadoras buscaron o seu lugar e fixeron escoitar a súa voz.



Pero ademais, neste proceso déronse os requisitos que A. Etzioni (1980) define para que unha transformación se consolide: a conciencia social, o compromiso a través da participación e as posibilidades reais para a participación social”.

A Actividade marisqueira comezou a ter un carácter comercial a finais dos

anos cincuenta e principios dos sesenta. Os moluscos foron os produtos que permitiron á industria conserveira superar a crise da sardiña, abrindo novos mercados. “A demanda de berberechos e ameixas revalorizou o marisco e con iso xeneralizouse o que baixase ás nosas costas calquera veciño das mesmas, producindo a sobreexplotación das praias” Lojo. (1991).

No litoral todo o mundo baixaba á praia, especialmente a partir dos anos sesenta en que se revalorizou o marisco. Era habitual ver ás mulleres nas praias, unha poboación feminina constante, herdeira da profesión aprendida das súas nais, e outra poboación extractora non profesional que se envorca tamén na captura de moluscos, co conseguinte perigo de sobreexplotación das praias e que leva a aparición dos primeiros conflitos, que se agravan nos anos 80 onde podía haber da orde de 30.000 persoas dedicadas ao marisqueo a pe.

Ante este perigo, a Administración Central decretou varias Ordes e Leis, nos anos sesenta e setenta, para intentar ordenar o subsector. Por exemplo, Orde do Ministerio de Comercio, de 16 de abril de 1963, pola que se fai obrigatorio o carné de persoa mariscadora, Orde do Ministerio de Obras Públicas, de xullo de 1963, que establece as lonxas como único lugar de venda de peixe; Lei 59/1969, de 30 de xullo, de Ordenación Marisqueira e Decreto 1238/1970, Plan de Explotación Marisqueira de Galicia, que outorga o uso e go-

ce da explotación marisqueira a quen tivesen autorización para a explotación.



A transferencia da competencia en materia marisqueira á Comunidade Autónoma de Galicia permitiu que un gran número de mulleres mariscadoras, que realizaban o seu traballo sen ningún tipo de recoñecemento legal social, fose camiño da visibilidade e profesionalización mercé á produción normativa Xunta de Galicia. Isto permitiu á Administración autonómica dar os primeiros pasos para ordenar este subsector, empezando por impoñer novos requisitos para a obtención do carné, como a esixencia dun número mínimo de días. E, posteriormente, a mediados dos oitenta (Lei 2/1985; 15/1985 e Decreto 116/1987) establecer a primeira normativa autonómica dirixida a profesionalizar a este colectivo, e as seguintes: Ley 6/1993, de 11 de maio, de Pesca de Galicia, Ley 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, Orden del DOG nº 249 de 2013/12/31, Plan Xeneral de Explotación Marisqueira de Galicia de 2014, e a Orden del DOG nº 13 de 2016/1/21 -

Xunta de Galicia por citar algúns exemplos.



Outra cuestión é o valor que se lle outorga ao traballo das mulleres e que desvela a perspectiva de xénero, unha imaxe negativa que se reflicte nos documentos oficiais. No Plan de Ordenación de los Recursos Pesqueros y Marisqueros de Galicia (1993, p.331) pódese ler literalmente:

El sector del marisqueo a pie se caracteriza por una mano de obra excesiva, una ausencia generalizada de formación profesional y cultura –agravada al tratarse de un colectivo de edad media avanzada y a la que no es ajena la tradicional dificultad de las mujeres, componente mayoritario del subsector, para acceder a la formación- unos métodos de extracción manuales poco eficaces, un escaso interés del colectivo por mejorar se rendimiento [...]

Fálase aquí do marisqueo como un sector conflictivo e marxinal, reproducindo unha imaxe estereotipada e discriminatória do sector polo feito de ser profesionais mulleres. A xuízo de Marugán (2012), ao non seguir as mariscadoras a norma de

emprego instaurada a mediados do pasado século segundo a cal os homes se adscribían ao espazo público, mentres as mulleres quedaban pechadas no espazo doméstico. As mariscadoras que sempre traballaron baixo a mirada de toda a poboación, recibiron por iso “unha sanción social simbólica”

O traballo era escasamente valorado, como escaso era o valor comercial dos seus produtos, As rendas medias estaban polos 1200 euros anuais, o que non lles permitía nin sequera cotizar á Seguridade Social. Falla de protección e de recoñecemento, falla de dereitos.

Tamén se daba discriminación dentro das estruturas organizativas do sector, as Confrarías de Pescadores nas que practicamente non tiñan ao seu fronte patroas maiores, Nalgunhas confrarías incluso (A Guarda, Baiona,,,) ás mariscadoras non se lles permitía o acceso.

En todo caso, foi importante no plano legislativo, o Decreto 423/1993, do 17 de decembro, que refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, xorde o permiso de explotación marisqueira, o “permex”, que vai ser unha ferramenta legal importante en mans das mulleres e que, xunto aos plans de explotación, vai dar entrada ás mulleres no proceso de coexistión dos recursos marisqueiros no litoral galego. Introdúcese

o sistema de planificación que, baseado na coxestión, vai supór o inicio da corresponsabilidade das mulleres na planificación da súa actividade e na asunción do cambio que as leva a pasar dunha mentalidade simplemente extractiva a converterse en cultivadoras, comercializadoras, xestoras e representantes ante a Administración e outros foros. Mais alá da actividade extractiva, este Decreto veu facer visible o traballo das mulleres na vixancia das praias; nas actividades de limpeza, sementes e rareos; na participación na xestión e elaboración dos plans de explotación, et. E con esta nova regulación veuse recoñecer outro cambio legal importante para a consolidación da profesionalización das mulleres do mar, neste caso mariscadoras: a obrigatoriedade de estar de alta no Réxime Especial da Seguridade Social das Traballadoras do Mar, que se converteu no requisito esencial para poder ser titulares do permiso de explotación.



Como afirma Chapela (2010), *“As mulleres mariscadoras foron capaces de liderar unha revolución que, neste caso, non foi tecnolóxica senón social, unha revolu-*

ción no sistema de comercialización e organización apoiado no desenvolvemento dunha infraestrutura e dun saber-facer, dunha cultura do mar. En resposta a esa revolución xorden as agrupacións de mariscadoras na defensa dos seus intereses, comezan a facerse ouvir nas confrarías e iso forzou que as Administracións tiveran que improvisar unha normativa reguladora da actividade do marisqueo. Este primeiro bloque normativo da Administración galega supuxo para a muller mariscadora unha revolución dunha magnitude maior do que parece porque afectou a múltiples dimensións: á capacidade de asociación, ás facultades de dirección, á organización do traballo, á capacitación profesional, á cobertura social a autoestima e autocapacitación como profesionais nun mundo laboral de gran presenza masculina”.

As mariscadoras agora son “visibles” para controlar todo o proceso da súa actividade: planifican, capturan o produto, deciden canto se vende e teñen unha relación especial co mar onde traballan: coñecen os seus dereitos de explotación, saben que, aínda que o mar é de todo o mundo e é un dominio público, elas teñen uns dereitos de explotación exclusiva que lles garanten unha permanencia e lles outorgan uns dereitos para traballar nas praias, nas zonas intermareais ou no mar. Tratan o mar dun xeito intelixente, o que lles permite

ir un paso máis alá da actividade extractiva e realizar actividades de cultivo do mar. E todo este cambio encontra o seu paralelo reflexo na lexislación galega de pesca.

Neste sentido, a seguinte táboa mostra a evolución no número de permisos de


marisqueo a pe nas rías de Pontevedra e Vigo entre os anos 2010 - 2015 e reflicte o anteriormente expresado sobre a racionalización deste subsector da pesca.

Evolución do número de permisos de marisqueo a pé por confrarías ou agrupación de mariscadores

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Asociación de Confrarías da Ría de Vigo	0	0	0	0	0	0
Confraría de Lourizán (Pontevedra)	117	110	105	135	133	151
Confraría de Moaña	113	103	94	81	76	72
Confraría de Pontevedra	249	224	205	223	214	227
Confraría de Redondela	171	161	141	142	138	130
Confraría de Vigo	9	8	8	7	7	6
TOTAL	659	606	553	588	568	586

FONTE: Consellería do Medio Rural e do Mar. Pescadegalicia.com. (09-02-2016)

Gráfico 2. Evolución do nº de permisos de marisqueo a pé por confrarías
Evolución do número de permisos de marisqueo a pé por confrarías ou agrupación de mariscadores [Unidades: Número]



FONTE: Consellería do Medio Rural e do Mar. Pescadegalicia.com. (09-02-2016)

A liberalización da economía española a partir de 1959 supuxo a posibilidade de modernización das conserveiras, que terá unha gran repercusión non proceso de produción. Este se automatiza, introdúcense novas máquinas moi específicas así como tamén cámaras frigoríficas que permitirán ata certo punto prescindir da estacionalidade das capturas e, xa que logo, da produción. En definitiva, ou proceso é máis rápido e barato.

É tamén nos anos 60 cando a sardina deixa definitivamente ou primeiro posto a outros produtos como o mexillón e, sobre todo, ao bonito e máis aínda, ao atún. Pese a este período de bonanza, ou quizais por iso, a industria conserveira predominante é a de pequeno tamaño, de carácter familiar e cunha produción baixa.

Estas características, xerais en toda Galicia, xunto a negativas circunstancias (entre outras, a deficiente comercialización, os elevados custos de produción, os efectos da adulteración do aceite de colza) fixeron que das 373 empresas que había en 1980 se pasase en 1982 a 217.

O último apartado a subliñar é a partir da entrada de España na denominada entón Comunidade Económica Europea, no ano 1986. Isto trouxo consigo dificultades para o sector, pero foron

compensadas co aumento do mercado para a súa produción.

De todos os xeitos, o incremento dos produtos ofertados, os problemas cada vez maiores de abastecemento de peixe e de marisco, a necesidade de innovación (p.e. o sistema abre fácil) esixiu un moi elevado investimento.

Así, nos últimos anos do século XX a industria conserveira en xeral evoluciona moi rapidamente. Para facer fronte a unha serie de múltiples e importantes dificultades como o esgotamento dos caladoiros propios, a elevada frecuencia das mareas vermellas, a necesidade de facer paradas biolóxicas, as empresas conserveiras teñen a necesidade de importar peixe e marisco (fresco ou conxelado).

Varias son as repercusións que traen estas dificultades. Unha delas é a necesidade dunha maior capitalización das empresas para poder facer fronte aos novos retos de incremento da produción e de innovación tecnolóxica. Para iso, houbo fábricas que foron absorbidas por grupos empresariais de maior calibre, perdendo así ou seu tradicional carácter familiar. Outras, mesmo despois de intentar novas aventuras empresariais, houberon de pechar as súas portas.

Outra repercusión é que a maioría das fábricas de conserva que subsisten cambiaron de localización. Ao non depender como antes da pesca de baixura de forma determinante, acceden ás instalacións dos recentes polígonos industriais promovidos polos concellos. Así, benefíciáanse de certas vantaxes, da súa infraestrutura e das súas mellores comunicacións con respecto ao emprazamento tradicional nas proximidades dos peiraos.



Naturalmente, este proceso leva consigo o abandono das instalacións fabrís de sempre, co que se abre toda unha serie de posibilidades de cara ao futuro deses terreos: recualificación como chan urbano, urbanización, espazo de uso público... A experiencia aconsella supoñer a próxima urbanización deses espazos tan cobizados hoxe pola súa proximidade ao mar, que teñen impor-

tantes repercusións negativas medioambientais..



En definitiva, a conclusión á que se chega é a que a industria conserveira perdeu ou posto preeminente que desempeñou durante boa parte do século XX, aínda que segue a ser un sector importante da industria galega

FERRAMENTAS

Recollido de:


<http://mariscadorestoralla.blogspot.com.es/p/artes-de-pesca.html>

As ferramentas empregadas no marisqueo a pé varían dependendo da especie, o tipo de traballo (intermareal ou submareal) e ás veces ata vai variar en función do costume da propia mariscadora. Estas ferramen-

tas mesmo son obxecto de regulación pola propia Comunidade Autónoma.

Os útiles de aparellos autorizados para a extracción dos moluscos bivalvos no marisqueo a pé son: sachos, angazos, fouces, ganchelos e calquera outra ferramenta manual que permita remover o sedimento superficial para recoller co-

as mans os moluscos bivalvos, ademais da rañica ou gancha a pé e a forquita, segundo o [Decreto 15/2011](#) polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.



Aparellos empregados para o marisqueo a pé.

Sacho: é unha das artes máis usadas no marisqueo a pé, aínda que pode sufrir bastantes modificacións dependendo de cada porto, o deseño ven a ser semellante en todos eles. Estes crávanse na area removéndoa e deixando os moluscos a descuberto. O legón e un sachos ca pá mais longa e estreita.

Angazo: ferramenta que consta dun mango cun peite metálico con dentes no extremo que permite remover o sedimento superficial para recoller coas mans os moluscos bivalvos.

Rastro ou gancha a pé: é un rastro de pequenas dimensións con lonxitude máxima dos dentes de 15 cm e separación mínima entre varelas de

17 mm. Esta arte está moi extendida en Galicia para o marisqueo a pé e dende embarcación. Utilízase de xeito semellante o angazo pero coa diferenza de que ten un cope feito de varelas metálicas onde quedan retidos os moluscos. Tamén se chama rañica ou raño.

Forquita: consiste nunha platina metálica á cal se unen numerosos dentes lixeiramente curvados. Esta arte manexase mediante dous mangos dispostos formando un ángulo aproximadamente recto. Terá unha lonxitude máxima dos dentes de 34 cm e unha separación mínima entre eles de 12 mm.

Ademais dos aparellos descritos anteriormente son necesarias botas e traxe de augas cando se está a mariscar na zona intermareal ("a seca") e traxe de neopreno, escafpíns e luvas cando se traballa coa gancha dentro da auga.

Para rematar, inclúese un conxunto de citas que ilustran as loitas das mariscadoras para conseguir a súa profesionalización e unhas condicións dignas de traballo

A pesar do carácter subsidiario que a lo largo do tempo caracterizou ao marisqueo a pie, éste é un claro exemplo de su aportación como actividade produtiva a las economías pesqueras, sendo a su vez objeto de conflictividad en el acceso, uso y explotación del mismo. Pero esta dimensión, entendida a priori, como complementaria, no hizo más que

reproducir la condición social de las mujeres, las cuales seguían ocupándose básicamente de "la casa" Por consiguiente observamos una doble discriminación, reforzada por su propia cultura de género, que como esposas de hombres de mar ocupan una determinada posición, incidiendo de manera negativa esta condición subsidiada, por carecer de recursos personales propios y por tener un nivel sociocultural precario que las alejaba tanto de la participación de las estructuras organizativas locales como de las redes comerciales a las cuales estaban subordinadas. Todo ello favoreció el hecho de identificarse, hasta hace muy poco tiempo, como amas de casa en lugar de mariscadoras propiamente dichas,

SEQUEIROS, José Luis (dir.), A despensa de area, Xerais, Vigo, 1995; BEIRÁS, Xosé Ramón, (dir.), Posibilidades y limitaciones económico ecológicas del polo de desarrollo de Vilagarcía de Arousa: estudio del sector marisqueo en la Ría de Arousa, 1976; PARDELLAS DE BLAS, Xulio, "El trabajo de la mujer en la pesca y el marisqueo en Galicia", en VV.AA., Jornadas sobre Economía y Sociedad de las Comunidades Pesqueras, MAPA y Universidad de Santiago, Madrid, 1989, pp.431-38; MARUGÁN PINTOS, Begoña, Y cogieron ese tren. Profesionalización de las mariscadoras gallegas, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Xunta de Galicia, 2004.

Sólo las prácticas de resistencia descritas por este colectivo, representado por mujeres que venían realizando durante generaciones unas faenas “tradicionales”, vinculadas a un espacio tan disputado como es el de las riberas de las playas, consiguieron derrocar un consolidado poder detentado por varones. Así lo pudimos comprobar en otro de los sucesos relatados, en este caso un conflicto supeditado al dominio de la masculinidad por el control de las Cofradías marítimas.

HARTMAN, Heidi, “Capitalism, Patriarchy and Job Segregation by Sex” en, Zillah R. Eisenstein, Capitalism, Patriarchy and the case form socialist feminism, London, Monthly Review Press, 1979

El recorrido proseguido por éstas en el seno de una feminizada profesión y la autoconciencia de una actividad mejor valorada, así como la autonomía alcanzada por su colectivo, socialmente depreciado, se encuentra, aún hoy día, en continua afrenta con el capitalismo patriarcal

Implementación y gobernanza: la política de marisqueo en Galicia. Xosé María Mahou Lago, Escola Galega de Administración Pública, Santiago de Compostela, 2008

Más allá del número de personas dedicadas al marisqueo, es importante señalar que el 90% de las mismas son mujeres. Estamos ante una actividad, por tanto, netamente femenina, lo cual va a determinar su desarrollo y el contenido complejo y singular de las diferentes iniciativas públicas. El carácter secundario de la actividad, esto es, la posibilidad de combinar el marisqueo con labores domésticas o de otro género, y la desigualdad de estatus social entre hombres y mujeres intrínseca al ámbito pesquero, son las razones que, a juicio de Sequeiros (1995, p. 33), explican la feminización del marisqueo a pie.

Con el carné aparecen dos tipos de mariscadores con obligaciones diferentes: los mariscadores a flote (con carné de primera) y los mariscadores a pie (con carné de segunda). Esta división no sólo va a agudizar el “grado de segregación de la mujer” (la inmensa mayoría de los mariscadores a pie son mujeres) con una nomenclatura poco afortunada (primera-segunda) y permitiendo solo a los hombres con carné de primera capturar tanto a flote como a pie, sino que “legaliza la oposición entre los pescadores y los nuevos mariscadores (mariscadores a pie), que toman ya conciencia de grupo (González Vidal, 1980, pp. 132-133).

González Vidal, M.(1980), El conflicto en el sector marisquero de Galicia, Madrid, Akal.

Los principales problemas del marisqueo no son tanto el subdesarrollo tecnológico y la subexplotación de los recursos, como la falta de formación y la inexistencia de espíritu organizativo entre las mariscadoras debido, en opinión de la propia Santasmarinas, a la discriminación que sufren las mujeres en el mundo pesquero, especialmente en el interior de las cofradías de pescadores que no son capaces de representar o son contrarios a los intereses de las profesionales

Implementación y gobernanza: la política de marisqueo en Galicia. Xosé María Mahou Lago Escola Galega de Administración Pública, Santiago de Compostela, 2008

La valoración del marisqueo como “ayuda familiar”, y el desempeño por el mismo en un 92% de los casos por mujeres que además ejercían labores de amas de casa, contribuyó a esta relegación. Tanto es así que llegado 1995 y a pesar de aportar importantes beneficios económicos, 13 el marisqueo se definía, en la publicación A despensa de Area, como subsector de carácter tradicional, atrasado y conflictivo (Sequeiros, 1995).

Sequeiros, J.L (Dir). (1995), A despensa de Area, Edicións Xerais de Galicia, S. A, Vigo

Las mariscadoras no han seguido la norma de empleo instaurada a media-

dos del siglo pasado según la cual los espacios públicos se adscribían a los hombres, mientras las mujeres quedaban recluidas en el espacio doméstico. Ellas no sólo han trabajado, sino que lo han hecho a la vista de toda la población y por ello han recibido “una sanción social simbólica”.

La organización de las mariscadoras como agentes de transformación social. Begoña Marugan Pintos Doctora en Sociología por la Universidad Complutense de Madrid. 1980

NOTAS

(A) No primeiro Regulamento oficial do traballo da industria definiuse como persoal fixo continuo “aquele que diariamente e de modo normal traballaba na fábrica, taller ou dependencia da industria.” Regulamentación Nacional de Traballo nas industrias de conservas e salgaduras de peixe e similares. Orde do 17 de Xullo de 1939, B.O.E, 29/7/1939. O contrato por campaña referíase ao acordo pactado entre patróns e obreiros de traballar durante a estación de pesca e transformación de sardiñas cunhas condicións determinadas de salario monetario, en especie, xornada, et. Para rematar, o contrato eventual nos primeiros regulamentos internos das empresas conserveiras definíase como “as persoas que acoden diaria ou

accidentalmente á fábrica cando as circunstancias da produción o requiren.” AHM, Regulamento da Perfección de 1883. Esta definición era similar á de finais dos anos 30, xa que se consideraba persoal eventual aquel que a empresa admitía en momentos excepcionais ou de gran afluencia de pesca para atender necesidades urxentes da industria. Regulamentación Nacional de Traballo nas industrias de conservas e salgaduras de peixe e similares. Orde do 17 de Xullo de 1939, B.O.E, 29/7/1939. Estes tres tipos de contratos corresponderíanse na actualidade co fixo, temporal e eventual por circunstancias da produción. Moradillo (1996:27,65,73).

(B) Noutras áreas pesqueiro-conserveiras como California ou Bretaña, as mulleres tamén eran recrutadas por campaña. Zavella (1987:32). En California as operarias estiveron restrinxidas ata os anos sesenta a unha única clasificación, literalmente definida nos contratos colectivos como “women”. Brown e Phillips (1985: 402). A discriminación feminina nos contratos en Pichio (1994: 481).

(C) Os operarios da fábrica de conservas de Antonio Alonso declarábanse en folga pedindo solidariedade dos obreiros de Bouzas para unha redución da xornada laboral. Giráldez (1984:79-82).

A existencia de federacións de traballo locais queda implícita nos copiadores de cartas de varias factorías como a de Ferrer e Curbera. AHF, Correspondencia Ferrer 1896-1900, 29/9/1896. As sociedades denominábanse de resistencia ou de mellora de clase, posto que nun primeiro período de formación dedicáronse fundamentalmente á reivindicación económica. Castro e De Juana (1986:192). Logo, os sindicatos de clase ocuparíanse de cuestións políticas (os socialistas vinculando o seu futuro ao binomio democracia-república; os anarquistas orientados á revolución). Barrio Alonso (1996:14).

(D) O conflito comezou o 16 de Novembro de 1899. Solidariedade, 22/11/1899. A Federación de Traballadores de Vigo tomaba postura ante o mesmo, indicando a conveniencia de aprazar a folga xeral e intentar resolver as diferenzas cos fabricantes por mediación do alcalde ou do gobernador civil, e, se non hai máis remedio, si as autoridades non resolvían nada, ir á folga. A Concordia, 27/11/1899.

(E) As horas de traballo nocturno serían consideradas como un cuarto de xornada, lográndose unha maior igualdade na xornada de traballo para homes, mulleres e nenos, en contra do sinalado no Regulamento de Tra-

ballo de 1899. Faro de Vigo, 16/1/1900.



(F) Das enfermidades graves, a tuberculose pulmonar era a que máis casos rexistraba en Vigo. Véxase para os anos 1905 e 1906 o Boletín demográfico sanitario, Ministerio da Gobernación, Inspección Xeral de Sanidade Exterior, Madrid. Seguía sendo a enfermidade da que morría máis xente na provincia de Pontevedra aínda en 1920. Para os anos 1919, 1920 véxase o Boletín Mensual de Estatística, Dirección xeral do Instituto Xeográfico e Estatístico, Resumen 1921, Madrid. Para o País Vasco foi sinalada a insalubridade da fabricación de latas. Homobono (1992:2). En Portugal era a enfermidade típica dos soldadores. Pulido Valente (1981: 630). Véxase os axentes de risco no Informe de situación do Instituto Nacional de Seguridade e Higiene no Traballo, Riscos profesionais na fabricación de conservas de peixe, Ministerio de Traballo, 1992, Madrid, p. 93.

(G) “Os nenos vense continuamente maltratados polos seus directores, os cales sinalan que os chicos merecen un

castigo porque non se fai bo deles. A mentalidad dos nenos non recibe desenvolvemento algún. As voces dos operarios pedindo os materiais necesarios para a construción de envases, os gritos desacompasados e brutáns dos encargados, as continuas loqueadas e trompazos fan que a mentalidade da criatura se embote e atrofie de tal forma que adquira o hábito.” Solidariedade, 18/7/1913.

(H) Tal foi o caso sucedido en 1930 na fábrica de conservas a “Estrela do Norte” e protagonizado por un encargado que xa fora expulsado doutras fábricas pola súa conduta: “Na fábrica traballaban como unhas 40 mulleres. Sempre que hai pesca admítense traballos extraordinarios. O domingo 23 traballaron toda a mañá. Como viñera máis peixe mandouse que viñesen pola tarde. Das obreiras faltaron dúas: Unha delas dixo o luns que foi por cansazo, pero ao chegar o encargado díxolle que estaba despedida. O encargado cara ao medio día pretendendo non ser mala persoa deixouna volver ao traballo, pero a cambio acosouna sexualmente, intentando unha violación. A rapariga saíu fuxindo da fábrica e as demais obreiras con ela para ver que lle pasaba. Decatadas do incidente, por fin, decidiron denunciálo e non volver traballar se o encargado non saía da fábrica.” Solidariedade Obreira, 22/11/1930.

(I) Xuízo promovido por M. C. Q. como representante do neno de 12 anos M.R.C., veciños de Teis, do término municipal de Lavadores contra J.S.P. xerente accionista da Metalúrxica de Vigo: “O día 23 de xaneiro de 1901 ás sete menos cuarto da noite achándose traballando na fábrica o neno Miguel Rodríguez Chorén sufriu un accidente de traballo que lle produciu a máquina na que traballa, cortándolle 3 dedos, a consecuencia do cal se lle inutilizou a man esquerda.” ARG, Audiencia Territorial, Xuízo Civil, Exp. 356/6, 1901.

(J) Unha manga desabrochada, un roto nunha blusa, etc. eran suficiente para que a correa se encargase de dano ou cortar unha man ou un brazo entre a árbore ou as poleas de transmisión. Solidariedade, 18/7/1913. “Na fábrica de Benigno Barreiras en múltiples ocasións usáronse reparigos para limpar a caldeira, introducíndoos por un pequeno orificio, co risco ás veces de quedar sepultados dentro por non poder saír (unha vez tiveron que engraxar todo o corpo dun). O outro día enviou a un dos aprendices, e o maquinista dixo ser demasiado grande, que dixese no despacho que enviasen a outro. Cando o reparigo foi a realizar isto o fillo do dono díxolle que quedaba despedido. Os demais aprendices protestaron e as mulleres uníronse negándose a entrar na fábrica ao medio día. Chegou o fillo de Barreiras e chamou os municipais e

coa súa axuda e un revolver obrigou a entrar ás mulleres a entrar.” O Socialista, 25/8/1911.

(K) Os riscos evitaríanse polas seguintes vías: 1) que non se maltratase ao persoal, 2) que os nenos non montasen as correas sen antes parar o motor, 3) prohibir que traballen en exceso, non máis de 6 horas sen descanso, 4) os patróns debían saber como ocorrían os accidentes, non polo encargado senón polo persoal. Solidariedade, 18/7/1913. “Os encargados que adulan ao xefe, pero non se ocupan dos traballadores. As autoridades que oen as nosas queixas como quen oe chober. Os pais que tales desmandos autorizan sen investigar as verdadeiras causas dos accidentes e non perseguen a quen oculta a idade do lesionado. Aos gobernos que non ditan leis que protexan de verdade á infancia nin procesen ás autoridades que non fan cumprir as deficiencias que hoxe existen. E agora señor inspector non podería facer unha visita a Vigo sen que da súa visita tivesen coñecemento os fabricantes. Podería pasar por esta Sociedade de Traballadores das fábricas de conservas, onde sería moi ben recibido e na cal poñeríanse ás súas ordes 4 ou 6 compañeiros que lle acompañasen na Inspección para indicarlle sobre o terreo e con coñecemento de causa as máquinas sen defensas e

os verdadeiros sitios de perigo nas fábricas?. Isto axudaría a evitar a inutilidade de centos de nenos.” Solidarieda-

de, 18/7/1913. Biblioteca ANFACO, Circulares, 3/4/1934.